

# Centro Galego de Artes da Maxe



P R O G R A M A C I O N

- ▶ **Ventos do Leste: Os Novos Cines nos países socialistas europeos (1955–1975) (e II)**
- ▶ **A xeración da violencia USA (III)**
- ▶ **Larry Clark (I)**
- ▶ **Fóra de serie**

jerzy Skolimowski, 1964. Con Andrzej Zamecki, Jacek Szczek, Jerzy Skolimowski. 74'.

Un estudante universitario intenta deixar a súa vida en orde antes de cumplir os dous anos obligatorios de servizo militar. Un último día para conquistar outra muller, descubrir a vida da súa e contemplarse tal e como é. Primeira película do boxeador, poeta, dramaturgo e realizador de títulos tan estimables como "Walkover" (1965), "Deep end" (1970), "El grito" (1978) e "El buque-faro" (1985), pola que transita xa o cine "naturalista-poético" deste artista itinerante, cos seus trazos principais (longas secuencias, planos traballados, elaboración do son).

#### OSTRE SLEDOVANÉ VLAKY / TRENES RIGUROSAEMENTE VIGILADOS

Jiri Menzel, 1966. Con Vladimir Valluta, Josef Somr, Vaclav Neckar. 92'. Milos Hrma segue a tradición familiar e traballa nunha pequena estación de ferrocarril. O III Reich derribouse, pero Checoslovaquia aínda está ocupada. Milos, mentres o amor xorde ao seu redor, combate os alemáns como pode, sabotando as súas comunicacións. Óscar á mellor producción estranxeira para esta peculiar fusión traxicómica de segmentos cotiáns case autónomos e ironía intelixente, famosa pola súa espontaneidade no tratamento do sexo.

#### POPIÓL I DIAMENT / CENIZAS Y DIAMANTES

Andrzej Wajda, 1958. Con Zbigniew Cybulski, Ewa Kryzowska, Bogumil Kubiela. 103'.

Rematada a II Guerra Mundial os polacos seguen a eliminar entre eles. Maciek, heroico membro da resistencia, recibe o encargo de asesinar a Szczuka, líder comunista e amigo de aventuras na contenda. A decisión, non obstante, preséntalle moitas dúbidas. O cine histórico perpetrado nestes anos por Wajda ligado á súa indagación nas mutacións e carácter políédrico ou ambivalente das figuras consideradas heroicas.

#### KOZIJAT ROG / CUERNO DE CABRA

Metodi Andonov, 1972. Con Katya Paskaleva, Anton Gorchev, Milen Penev. 100'.

Bulgaria, século XVIII, co país en mans do Imperio Otomán. Catro bandidos violan e matan a muller dun pastor en presenza da súa filha, María. O desexo de vinganza do pai lévao a criar a María de modo violento, como se fose un home. Memorável, cru e seco relato que situou a cinematografía búlgara no mapa.

#### PASAZERKA / LA PASAJERA

Andrzej Munk (e Witold Lesiewicz), 1963. Con Aleksandra Slaska, Anna Ciepielewska, Marek Walcewski. 63'.

Liza fuxiu de Europa ao rematar a II Guerra Mundial. Volve despois de anos e no barco atopa entre os rostros o dunha muller que foi a súa prisioneira en Auschwitz. O filme póstumo do gran director polaco Munk, autor de "Un hombre en la vía" (1956) e "Heroica" (1957), falecido en accidente de coche en 1961 aos 40 anos, foi acabado polo seu compatriota Lesiewicz, engadindo foto-fixa e unha voz en off. A capacidade de fascinación e a sutil recreación de estratexias da memoria engarzan coa rutilante modernidade dun Resnais ou un Marker, ofrecéndonos un precedente memorable da mediocre "Portero de noche" de Liliana Cavani.

#### RECONSTITUIREA / RECONSTRUCCIÓN

Lucian Pintilié, 1968. Con Vladimir Gaitan, George Mihaia. 106'.

Dous estudantes atacan unha cafetaría. Atrapados pola policía, as autoridades pídenles que reconstrúan o suceso mediante a elaboración dun filme didáctico. Maxistral farsa elaborada en simultáneo sobre o poder e o cine, segunda película do antigo director do Teatro Lucia Sturzla de Bucarest, que logo tería enormes problemas co goberno de Ceausescu, volvendo con éxito nos anos 90.

#### MATKA JOANNA OD ANIOLÓW / MADRE JUANA DE LOS ÁNGELES

#### ► LARRY CLARK (I):

En colaboración co Festival Internacional de Cine de Gijón.

Iniciamos unha retrospectiva dedicada ao cineasta e fotógrafo estadounidense Larry Clark. Nado en Tulsa (Oklahoma) en 1943, Clark é autor de libros de fotografía tan célebres como "Tulsa" e "Teenage lust", obras que coa súa crucea e naturalismo poético inflúen decisivamente no cinema de xentes como Paul Schrader, Martin Scorsese ou Gus Van Sant. Por outro lado, é un home de pasado turbulento e radical, unha vida aventureira, azarosa e en continua procura de experiencias que aproveita na súa obra. Hippy, fundador de comunas, ex-presidiario, adicto ao alcohol e a diferentes drogas, veterano de Vietnam, non debuta no cine ata pasados os 50 anos, acadando un enorme recoñecemento coa película "Kids" (1995), retrato sen concesións da adolescencia que prolonga temática e formalmente a súa práctica fotográfica. Admirador de Cassavetes, Peckinpah, Penn ou Scorsese, dinamita o límitar do representable e entraña cunha longa tradición de escenificación da xuventude, que, segundo as súas propias palabras, fai comentario social e parte de sensacións como a ira, a dor e a vergüenza. Autor de seis longametraxes e un segmento do proxecto colectivo "Impaled" (2005), o ciclo vén acompañado da publicación "Larry Clark. Menores sin reparos", coordinado por Eulalia Iglesias e editado polo CGAI xunto ao Festival Internacional de Cine de Gijón.

"Sobre a obra de Larry Clark circula un tópico que conviría cuestionar: que a súa é unha mirada directa, realista e sen prexuízos sobre a xuventude e as súas exploracións más ousadas. Aceptando isto despéxase as reservas que esperta a idea dun artista, axitador e partícipe das turbadoras escenas que retrata. Pero é precisamente considerando a Clark como documentalista cando a súa obra revela máis obxecións e contradicións. Non só por actuar como parte e testemuña, ou por presentar como espontáneas escenas que dita, senón por converter o espectador en cómplice dun voyeurismo disfrazado de investigación, de documento periodístico ou sociolóxico que a todas as luces non é. Pero Clark non é un impostor. Desde o seu primeiro traballo fotográfico, porque hai que considerar a Clark un fotógrafo ante todo, as instantáneas altermánsen con fotografías claramente "escenificadas", compostas a conciencia e ata embelecidas con filtro. Os personaxes que aparecen son pois, en parte, actores dun relato no que non se finxe pero no que ocasionalmente se obedecen ordes. Iso explica o illamento no que viven os que aparecen nos seus libros. Non son parte dun estudo, son parte dunha obra, dunha comunidade e un mundo que pertence exclusivamente ao imaxinario de Clark. Clark non presume de ser documentalista, como Lewis Carroll non o facía de ser pedagogo, Diane Arbus de antropólogo nin Weege de sociólogo. Todos reflecten aspectos da realidade, pero ante todo se serven dela para artellar fantasías propias, rutas, situacións e elencos que existían en certo modo nas súas mentes antes de atopalas no mundo real.

O traballo de Clark pódese entender como a penúltima entrega dun fenómeno, "o adolescente americano", forxado basicamente na ficción. Para comprender a obra de Clark hai que ter presente isto. En particular, o modo en que a rebeldía, a melancolía, o sexo, a autodestrución e a violencia se adheriron á figura do adolescente nun proceso de retroalimentación no que ficción e realidade pasaron de influenciarse a confundirse mutuamente. Convén lembrar que antes da súa primeira película, "Kids" (1995), Clark xa era unha lenda. A súa carreira estaba consolidada en poucas e polémicas obras, libros fotográficos cuxo impacto foi enorme. Lento e silencioso ao principio, pero tanxible".

Andrés Hispano, fragmento do capítulo "Teenage confidential! Larry Clark y el adolescente norteamericano", incluído no libro "Larry Clark. Menores sin reparos".

Na década dos anos 20 en Chicago dous estudiantes irrompidos das teorías do superhome de Nietzsche secuestran e matan un neno para amosar a súa superioridade. Unha historia real, o coñecido caso Leopold-Loeb que xa inspirara "La saga" de Alfred Hitchcock, nunha intensa fusión de drama psicolóxico, filme criminal e relato xudicial. Premio interpretativo en Cannes ao memorable trío principal.

#### DIRTY HARRY / HARRY EL SUCIO

Don Siegel, 1971. Con Clint Eastwood, Harry Guardino, John Vernon. 102'.

Policía mítico dos anos setenta que axudou ao recoñecemento de Don Siegel, converteu en estrela definitiva a Clint Eastwood —despois de que o seu papel de axente de policía o rexeitase John Wayne e Frank Sinatra— e consentiu unha táctica e frutífera alianza entre cineasta e actor. A persecución dun implacable psicópata, Scorpio, por parte dun non menos despiadado policía, Harry Callahan, vertebrá o inicio dunha auténtica saga a través dunha narración fluída, intensa e atractiva, enmarcada nunha dualidade ideolóxica polémica no seu día.

#### ► FÓRA DE SERIE:

Este mes a sección "Fóra de serie" amosa un repertorio variado. A presenza da documentalista Mercedes Álvarez, responsable do curso de Cero en Conducta "A realidade como relato (El cielo gira)", que se desenvolve no CGAI entre os días 15 e 19 de xaneiro, permitenos aproveitar unha revisión do seu filme "El cielo gira", fito do documental nacional contemporáneo, premiado en prestixiosos festivais. Repescamos a película de Manoel de Oliveira "O espelho mágico", como colofón á Mostra de cine portugués ao tempo que nos chega a longametraxe galega audaz e iconoclasta por antonomasia, "Bs.As." de Alberte Págán.

#### EL CIELO GIRA

Mercedes Álvarez, 2004. Documental. 114'.

Cheo de vestixios do pasado, unha vila de Soria, Aldeaseñor, extínguese. Só quedan catorce habitantes, todos pertencentes a unha última e definitiva xeración. Os traballos dos vecíños e os do pintor Pello Azketa transcorren en paralelo: as cousas comezan a desaparecer diante deles. A última rapaza nada na vila, a directora Mercedes Álvarez, é testemuña dessa silenciosa desaparición. Premiada en Róterdam e no BAFFI de Bos Aires, atopámonos ante unha das películas más emotivas e sorprendentes do cinema contemporáneo.

#### O ESPELHO MÁGICO

Manoel de Oliveira, 2005. Con Ricardo Trepa, Leonor Silveira, Michel Piccoli, Marisa Paredes, Luis Miguel Cintra. 137'.

Tras sair da prisión, Luciano é levado polo seu irmán á casa de Alfreda, unha rica de idade proactiva cuxo maior desexo e obsesión é ver a aparición da virxe. Todo é culpa do profesor Heschel. Filipe Quinta ten unha idea mentres que o home de Alfreda escucha música. O fino talento dun enorme Manoel de Oliveira (98 anos), participante no festival de Venecia e capaz de perfilar desde entón outras tres pezas (de dimensións variables).

Bs.As.

Alberte Págán, 2006. Documental. 79'.

Galegos empurrados pola fame a Bos Aires. Os avós xa non existen, pero quedan xeracións de netos que intentan facer o camiño á inversa. A partir de fotografías familiares, recordos e memoria histórica, unha reflexión sobre a emigración e os lazos que atan continentes. Participante no prestixioso sección "Llendes", dentro do último Festival de Cine de Gijón, é a primeira longametraxe dun excelente especialista en cinema experimental.

Agradecementos: Mercedes Álvarez, Alberte Págán, IV Mostra Portuguesa.

Luns 8 20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>EL MANUSCRITO ENCONTRADO</b> EN ZARAGOZA Wojciech Has, 1965. 156'. Subtítulos en castelán.	Sábado 13 18.00 h	<b>A xeración da violencia USA</b> <b>IMPULSO CRIMINAL</b> Richard Fleischer, 1959. 103'. Subtítulos en castelán.	Sábado 20 18.00 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>MADRE JUANA DE LOS ÁNGELES</b> Jerzy Kawalerowicz, 1961. 113'. Subtítulos en galego.	Venres 26 18.00 h	<b>A xeración da violencia USA</b> <b>HARRY EL SUCIO</b> Don Siegel, 1971. 102'. Subtítulos en galego.
Martes 9 20.30 h	<b>A xeración da violencia USA</b> <b>BRIGADA HOMICIDA</b> Don Siegel, 1968. 101'. Subtítulos en galego.	20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>CUERNO DE CABRA</b> Metodi Andonov, 1972. 100'. Subtítulos en castelán.	20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>LOS MISTERIOS DEL ORGANISMO</b> Dusan Makavejev, 1971. 84'. Subtítulos en galego.	20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>LA INFANCIA DE IVÁN</b> Andrei Tarkovski, 1962. 95'. Subtítulos en castelán. Presentación do libro "Vientos del Este" coa presenza dos seus coordinadores, Carlos Losilla e José Enrique Monterde, e os editores José Antonio Hurtado (IVAC-La Filmoteca) e José Luis Cienfuegos, director do Festival Internacional de Cine de Gijón. Entrada gratuita.
Mércores 10 20.30 h	<b>A xeración da violencia USA</b> <b>THEY LIVE BY NIGHT</b> Nicholas Ray, 1948. 95'. Subtítulos en galego.	Luns 15 20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>LA PASAJERA</b> Andrzej Munk, 1963. 63'. Subtítulos en castelán.	Luns 22 20.30 h	<b>Larry Clark</b> <b>BULLY (2001)</b> 113'. Subtítulos en castelán.	Martes 23 20.30 h	<b>Larry Clark</b> <b>BULLY (2001)</b> 113'. Subtítulos en castelán.
Xoves 11 20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>SEÑAS DE IDENTIDAD</b> <b>DESCONOCIDAS</b> Jerzy Skolimowski, 1964. 74'. Subtítulos en galego.	Martes 16 20.30 h	<b>Larry Clark</b> <b>KIDS (1995)</b> 91'. Subtítulos en castelán.	Mércores 24 20.30 h	<b>Fóra de serie:</b> <b>Mostra de cine portugués</b> <b>O ESPELHO MÁGICO</b> Manoel de Oliveira, 2005. 137'. Subtítulos en galego.	Sábado 27 18.00 h	<b>Fóra de serie</b> <b>Bs.As.</b> Alberte Pagán, 2006. 79'. Vídeo. Presentación a cargo do seu autor. Entrada gratuita.
Venres 12 18.00 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>TRENES RIGUROSAEMENTE</b> <b>VIGILADOS</b> Jiri Menzel, 1966. 92'. Subtítulos en galego.	Xoves 18 20.30 h	<b>Fóra de serie: Cero en conducta</b> <b>EL CIELO GIRA</b> Mercedes Álvarez, 2004. 114'. Presentación de Mercedes Álvarez.	Xoves 25 20.30 h	<b>A xeración da violencia USA</b> <b>HARRY EL SUCIO</b> Don Siegel, 1971. 102'. Subtítulos en galego.	20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>LA ESTRUCTURA DE CRISTAL</b> Krzysztof Zanussi, 1969. 77'. Subtítulos en galego.
20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>CENIZAS Y DIAMANTES</b> Andrzej Wajda, 1958. 103'. Subtítulos en castelán.	Venres 19 20.30 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>RECONSTRUCCIÓN</b> Lucian Pintilie, 1968. 106'. Subtítulos en galego.			Luns 29 20.30 h	<b>Larry Clark</b> <b>KEN PARK (2002)</b> 97'. Subtítulos en castelán.
						Martes 30 20.30 h	<b>Larry Clark</b> <b>KEN PARK (2002)</b> 97'. Subtítulos en castelán.
						Mércores 31 20.00 h	<b>Ventos do Leste</b> <b>ANDREI RUBLEV</b> Andrei Tarkovski, 1966. 185'. Subtítulos en castelán.

## INFORMACIÓN XERAL

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.

A duración das películas é orientativa e aproximada.

Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.

Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.

As sesións de Aforo Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.

As sesións sinaladas con inclúen algún tipo de presentación ou conferencia previa á proxección.

As sesións sinaladas con sofrén modificacións sobre os horarios habituais.

## PREZO DA ENTRADA

Xeral: 1'20 €

Carné Xove: 0'60 €

Abono para 10 sesións: 9 €

As sesións de Entrada Gratuía notifíquense no programa.

A venda de entradas iniciarase 30 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).

Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

## SALA DE PROXECCIONES

CGAI. Durán Longa, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel: 981 203 499. Fax: 981 204 054

E-mail: [programacion@cgai.org](mailto:programacion@cgai.org)

<http://www.cgai.org>

Depósito legal: C - 671/2001



CENTRO GALEGO  
DE ARTES DA IMAXE



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

Dirección Xeral de

Comunicación Audiovisual